

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: BASES O.E.GARANTIA XUVENIL INICIA V
Expte: 2020/X999/000134

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 13 do 21 de xaneiro de 2020), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os Concellos de Fene, Ares, Neda, Mugardos e Cabanas asinaron un convenio de colaboración para a realización do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro nacional de garantía xuvenil por ter interese en colaborar, co obxectivo de solicitar unha subvención ao abeiro da Orde citada por considerar o beneficio que supón a realización conxunta do obradoiro de emprego.

O 20 de xullo de 2020 mediante Resolución da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concédese ao Concello de Fene unha subvención, co núm de Expte **15/0042/2020**, por importe de **369.492,32 €**, para financiar os gastos de formación e funcionamento, así como a subvención para os gastos salariais de **16** alumnos/as-traballadores/as participantes para a especialidade (FMEO108) FABRICACIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBERÍA INDUSTRIAL.

O 23 de xullo de 2020 recíbese da Dirección Xeral de orientación e promoción laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego".

Procede, polo tanto, seleccionar ás/os traballadoras/es con arreglo ás bases oportunas.

De acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente.

Por todo o anterior, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases para a selección do alumnado e do persoal directivo e docente para a realización do proxecto do obradoiro de emprego de garantía xuvenil "INICIA V".

Este programa mixto de emprego e formación ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas participantes e esta axuda enmárcase dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, Eixe prioritario 5, Prioridade de investimento 8.2, obxectivo específico 8.2.2 e medida 8.2.2.5 e está cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, nunha porcentaxe do 91,89%.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "INICIA V" FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

1ª.- OBXECTO

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e de conformidade co disposto na lei 5/2015 de 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado público, a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do seguinte persoal para a xestión e o desenvolvemento do obradoiro de emprego:

- un/unha director/a (xornada completa) (**Anexo II**)
- un/unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (FMEO108) Fabricación e montaxe de instalacións de tubería industrial de nivel 2 (xornada completa) (**Anexo III**)
- un/unha docente de ensino básico (media xornada) (**Anexo IV**)
- un/unha docente de formación empresarial (media xornada) (**Anexo V**)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

- dezaseis (16) alumnos/as traballadores/as inscritas no ficheiro nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia (**Anexo VI**)

O importe total da subvención concedida corresponde a trescentos sesenta e nove mil catrocentos noventa e dos euros con trinta e dous céntimos (369.492,32 €).

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será dun contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo. A relación contractual co persoal rexeráse pola normativa sobre contratación laboral temporal.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de "contrato para a formación e aprendizaxe", de acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) de dito estatuto.

A contratación do persoal será pola duración total do obradoiro e que comprenderá dende o 15 de setembro de 2020 ata o 14 de setembro de 2021 (12 meses).

Todo o persoal será a xornada completa, excepto o/a docente de ensino básico e o/a docente de formación empresarial que terán un contrato a media xornada.

3ª.- CONVOCATORIA, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En cumprimento do Artigo 12.- Procedemento do persoal directivo, docente e administrativo de apoio da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 13 de 21/01/2020) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no seu apartado 1) que se establece "*Na selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas*", o Concello de Fene presentará, no Servizo Público de Emprego de Galicia, unha oferta para a selección do persoal.

Os/as demandantes de emprego preseleccionados/as pola oficina de emprego, serán informados/as e convocados/as para participar no proceso de selección (polos concellos promotores do obradoiro) unha vez presentada a oferta de emprego.

O número de candidatos/as a remitir pola oficina de emprego, deberá ser, na medida do posible e como mínimo de tres por posto.

A admisión de candidatos/as coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego, que deberán presentar as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas conforme ao modelo que figura no **Anexo I, ata o día 19 de agosto** e dirixirase ao alcalde do Concello coa documentación publicada nestas bases co obxecto de ser valorada polo grupo mixto segundo o baremo.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello, podendo presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

No caso de presentación presencial, será necesaria a cita previa para limitar o aforo, sendo as canles para realizar a petición as seguintes:

-Cita previa telefónica: 981 06 10 34 / 671 508 166
(De luns a venres en horario de 8.00 - 15.00 horas).

-Petición online: <https://sede.fene.gal/opencms/gl/cita/>

-Cita previa por correo electrónico: citaprevia@fene.gal

Á instancia, conforme ao modelo que figura no Anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia do D.I. ou equivalente.
- Copia tarxeta de demandante de emprego.
- Copia da tarxeta da seguridade social.
- Documentación acreditativa do requirido no punto 4 das bases, apartado a) para persoal directivo e docente, apartado b) para alumnado traballador.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

- De ser o caso copia do CELGA 4, co que quedarán exentos do exame de galego

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando neste caso as causas que deron lugar a exclusión, que se fará pública no taboleiros de anuncios e páxina web do Concello, concedéndose un **prazo de 2 días hábiles**, dende a publicación da lista, para presentar reclamacións ou emenda de erros.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, e que se publicará do mesmo modo que a provisional.

Os anuncios de cualificación da valoración de méritos e entrevista farase pública mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

4ª.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

O tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso de méritos e entrevista que se desenvolverá como se indican nos anexos II,III,IV, V e VI.

a) Para a selección do persoal directivo e docente do obradoiro o Concello de Fene tramitará as correspondentes ofertas de emprego na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro para a obtención dos currículos a avaliar.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas a os baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego ,artigo 12.4 da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm 13 do 21/01/20220).

Os concellos promotores do Obradoiro de emprego, poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos avaliados relacionados no currículo:

- A titulación académica, xustificada co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustifiquen cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta aliea: Contratos de traballo e vida laboral actualizada expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral.
 - Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos, ben de titulación, ben experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista. Para a xustificación de experiencia haberá que aportar sempre a vida laboral actualizada que a reflicta.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso e entrevista cos candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

- Coñecemento da lingua galega.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de vinte minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Os aspirantes que non acrediten a posesión do Celga 4 ou equivalente e non superen a proba de galego non formarán parte da lista de aspirantes.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, dirimiranse atendendo as seguintes circunstancias:

- 1º.- maior tempo acreditado como desempleado
- 2º.- puntuación obtida no apartado de experiencia profesionalidade
- 3º.- puntuación correspondente ás titulacións complementarias

b) Para a selección do alumnado traballador do obradoiro o Concello de Fene tramitará as correspondentes ofertas de emprego na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro, da acordo ao establecido no artigo 11 da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm 13 do 21/01/20220).

Os concellos promotores do Obradoiro de emprego, poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos criterios avaliábles según o Anexo VI do baremo de selección do alumnado:

1. Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas, según xustificante da oficina de emprego.
2. Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema, según modelo de declaración responsable (Anexo VII).
3. Discapacidade maior ou igual ao 33%, certificado minusvalía.
4. Experiencia laboral, con documento da seguridade social de vida laboral actualizada.
5. Nivel de cualificación profesional, co xustificante que acredite o seu nivel de cualificación.

Quen non aporte ningún documento referido a os puntos anteriores para a súa baremación se lle adxudicarán 0 puntos nese apartado.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, dirimiranse atendendo as seguintes circunstancias:

- 1º.- maior tempo acreditado como desempleado
- 2º.- o de maior idade

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O obradoiro de emprego de garantía xuvenil confírese como un programa mixto de emprego e formación que ten como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo e que as persoas beneficiarias participantes serán aquelas persoas mozas de dezaioito ou máis anos que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento de selección do alumnado, inscrita e en situación de beneficiarias no sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Este O.E. de garantía xuvenil ten como concello promotor ao Concello de Fene e aos Concellos de Ares, Mugardos, Neda e Cabanas, según convenio de colaboración asinado.

1. O tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Ferrol-Esteiro e a valoración das entrevistas, será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local).

A comisión de selección estará integrada por tres persoas en representación das mencionadas entidades promotoras.

Os membros do tribunal son:

Jesús Sánchez Cea técnico do Concello de Fene

Isabel Margharetto Rodríguez técnica do Concello de Ares

Rosa M^a Rey Domínguez técnica do Concello de Mugardos

2. Se por calquera causa , no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen designen dende as entidades promotoras. As reunións do grupo de traballo recolleranse nas actas correspondentes.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. O/ as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razóns do servizo.

6ª.- PUNTUACIÓN FINAL.

Rematada a selección, o Tribunal publicará a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose aos aspirantes que alcancen maior puntuación.

Publicada a referida lista as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de **un día hábil** dende tal publicación.

O resto dos/as candidatos/as que tiveran superado o proceso selectivo formarán parte dunha lista de agarda ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de posibles substitucións ou renuncias das persoas propostas ou, no seu caso, contratadas para este programa, sendo chamadas, nese caso, aquelas que acadasen as maiores puntuacións, sempre e cando reúnan nese momento os requisitos esixidos nestas bases.

En caso de renuncia pasará ao último posto da lista.

7ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas e realizada a entrevista, o tribunal de selección fará a proposta de contratación que será elevada ao Alcalde para que formule a contratación das persoas que acadasen as maiores puntuacións, en número que non supere á das prazas obxecto da convocatoria.

Previamente, e de acordo coa circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego", unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila a Xefatura Territorial da Coruña, que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo a entidade promotora para que poda ser substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva, non podendo dar comezo o proxecto en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

Os/as candidatos/as designados/as para seren contratados/as deberán achegar, no prazo de **3 días naturais** (contados a partir da publicación do resultado da selección), a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un/ha colexiado/a en exercicio de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.
- Certificado conta bancaria.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas están obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba de 15 días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e estará suxeita a lexislación laboral pertinente.

8ª.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

9ª.- RECURSOS.

A Resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e fronte á mesma poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, significándose que no caso de interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente publicación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "INICIA V"

D/Dona _____ con DI nº _____ e
con domicilio en _____
C.P. _____ (teléfono _____; correo electrónico
_____) ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fene, MANIFESTA:

- Que coñece e acepta as bases que van rexer a proceso de selección de persoal laboral temporal do Obradoiro de garantía xuvenil "Inicia V"
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.
- Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e está dispoñible para o emprego.

- Que achega a seguinte documentación (sinalar cun X según proceda):

- Copia do D.I. ou equivalente.
- Copia tarxeta de demandante de emprego.
- Copia tarxeta da seguridade social.
- Copia da documentación acreditativa de estar en posesión do título académico requirido para acceder ao posto (director/a, mestre/a da especialidade, titor/a e mestre de ensino básico, mestre/a de xestión empresarial).
- Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme a base cuarta.
A prestación de servizos deba acreditarse coa copia dos contratos de traballo e co informe de vida laboral actualizado ou, no caso de Administracións Públicas, co certificado expedido polo fedatario público da Administración ou coa copia do nomeamento ou copia da acta de toma de posesión, e o informe de vida laboral actualizado.
- De ser o caso copia do CELGA 4, co que quedarán exentos do exame de galego

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ás probas de (marcar o que proceda):

- ☐ DIRECTOR/A
- ☐ DOCENTE DA ESPECIALIDADE
- ☐ DOCENTE DE ENSINO BÁSICO
- ☐ DOCENTE DE FORMACIÓN EMPRESARIAL
- ☐ ALUMNA/O

En _____, de _____ de 2020

Asdo.: _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

ANEXO II: BAREMO PARA A SELECCIÓN DO/A DIRECTOR/A (tempo completo)

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concellos de Fene, Ares, Cabanas, Mugardos e Neda as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación requirida: Universitaria na rama da Arquitectura Técnica ou Grao en Estudos de arquitectura técnica.

FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DO CURRÍCULUM: (MÁXIMO 14 PUNTOS)

Titulación académica (máximo 2 puntos)

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- ✓ Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
- ✓ Diplomatura universitaria: 1 punto.
- ✓ Master mayor o igual 600 horas : 0,50 puntos.
- ✓ Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0, 5 pts.
- ✓ Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0, 25 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

A puntuación dos diferentes apartados anteriores é acumulable ata o tope máximo.

Experiencia profesional: (máximo 9 puntos)

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Cursos realizados: (máximo 3 puntos)

Valoraranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 a 299 horas; 0,20 puntos por curso
- Cursos de 300 horas o máis; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

ENTREVISTA: (MÁXIMO 6 PUNTOS)

Nela valoraranse as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

PUNTUACIÓN FINAL: (MÁXIMO 20 PUNTOS)

A persoa candidata seleccionada será a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas na fase de méritos. No caso de empate serán de aplicación os criterios do punto 4 das bases.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta da selección e remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) comunicación do persoal seleccionado (según anexo remitido na circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego")

ANEXO III: BAREMO PARA A SELECCIÓN DO/A DOCENTE DA ESPECIALIDADE DE FABRICACIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBERÍA INDUSTRIAL (FMEC0108) (tempo completo)

FUNCIÓNS

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as, así como:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Os establecidos no RD 1216/2009, do 17 de xullo, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial. (FMEC0108)

A experiencia profesional esixida no certificado de profesionalidade para impartir a docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM: (MÁXIMO 14 PUNTOS)

Titulación académica (máximo 2 puntos)

- Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
- Diplomatura universitaria: 1 punto.
- Master mayor o igual 600 horas : 0,50 puntos.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,5 ptos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

A puntuación dos diferentes apartados anteriores é acumulable ata o tope máximo. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Experiencia profesional: (máximo 9 puntos)

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.

Cursos realizados: (máximo 2 puntos)

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 a 299 horas; 0,20 puntos por curso
- Cursos de 300 horas o máis; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc non será obxecto de puntuación.

Cursos de formación: (máximo 1 punto)

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P., ou equivalente (master en secundaria): 1 punto
- Curso de docencia de formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

ENTREVISTA: (MÁXIMO 6 PUNTOS)

Nela valoraranse as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

PUNTUACIÓN FINAL: (MÁXIMO 20 PUNTOS)

A persoa candidata seleccionada será a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e na fase de méritos. No caso de empate serán de aplicación os criterios do punto 4 das bases.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta da selección e remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) comunicación do persoal seleccionado (según anexo remitido na circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego")

ANEXO IV: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DOCENTE DE ENSINO BÁSICO (media xornada)

FUNCIÓNS:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO.

Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto. Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.

Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.

Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames

Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección

Seguimento do alumnado e tutorías individuais ou grupais co alumnado

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente, segundo o recollido no RD 476/2013, de 21 de xuño.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM: (MÁXIMO 14 PUNTOS)

Titulación académica (máximo 2 puntos)

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
- Diplomatura universitaria: 1 punto.
- Master maior o igual 600 horas : 0,50 puntos.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,5 pts.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

A puntuación dos diferentes apartados anteriores é acumulable ata o tope máximo. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Experiencia profesional: (máximo 9 puntos)

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.

Cursos realizados: (máximo 2 puntos)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 a 299 horas; 0,20 puntos por curso
- Cursos de 300 horas o máis; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Cursos de formación: (máximo 1 punto)

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P., ou equivalente (master en secundaria): 1 punto
- Curso de docencia de formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

ENTREVISTA: (MÁXIMO 6 PUNTOS)

Nela valoraranse as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

PUNTUACIÓN FINAL: (MÁXIMO 20 PUNTOS)

A persoa candidata seleccionada será a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e na fase de méritos. No caso de empate serán de aplicación os criterios do punto 4 das bases.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta da selección e remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) comunicación do persoal seleccionado (según anexo remitido na circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego")

ANEXO V: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DOCENTE DE FORMACIÓN EMPRESARIAL (media xornada)

FUNCIÓNS:

A persoa candidata seleccionada encargárase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, igualdade de xénero e sensibilización medioambiental.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: licenciatura ou grao en empresariais, económicas, relacións laborais, ciencias do traballo

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM: (MÁXIMO 14 PUNTOS)

Titulación académica (máximo 2 puntos)

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Licenciatura ou grao: 1,5 puntos.
- Diplomatura universitaria: 1 punto.
- Master mayor o igual 600 horas : 0,50 puntos.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,5 ptos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

A puntuación dos diferentes apartados anteriores é acumulable ata o tope máximo. As titulacións avaliables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Experiencia profesional: (máximo 9 puntos)

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.

Cursos realizados: (máximo 2 puntos)

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

- Cursos de 100 a 299 horas; 0,20 puntos por curso

- Cursos de 300 horas o máis; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Cursos de formación: (máximo 1 punto)

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de C.A.P., ou equivalente (master en secundaria): 1 punto
- Curso de docencia de formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

ENTREVISTA: (MÁXIMO 6 PUNTOS)

Nela valoraranse as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

PUNTUACIÓN FINAL: (MÁXIMO 20 PUNTOS)

A persoa candidata seleccionada será a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e na fase de méritos. No caso de empate serán de aplicación os criterios do punto 4 das bases.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta da selección e remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) comunicación do persoal seleccionado (según anexo remitido na circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego")

C.I.F.: P-1503600 - G

ANEXO VI: BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO

O Concello de Fene tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro, para logo proceder á baremación definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto. Dita selección sairá da aplicación do baremo establecido a continuación, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das candidaturas remitidas pola oficina de emprego.

Parámetros da oferta de emprego

Idade mínima: 18 anos

Localidade: Ámbito dos concellos promotores do obradoiro de emprego, Fene, Ares, Mugardos, Cabanas, Neda.

Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Candidaturas: 3 por posto, sempre que sexa posible.

Para a fase de concurso o baremo de selección será o seguinte:

CRITERIOS		PUNTOS
1.- Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
2.- Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
3.- Idade	De 18 ata 20 anos	3
	> 20 ata 22 anos	2
	> 22 ata 24 anos	1
	> 24 ata < 30 anos	0,5
4.- Discapacidade $\geq$ 33%		1
5.-Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	$\geq$ 12 meses	1
6.- Nivel de cualificación profesional (máximo)	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	8

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 10 da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm 13, do 21 de xaneiro de 2020) e no artigo 105.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta.

Quedarán excluídas do proceso de selección, incluso no caso de ser elixidas, aquelas persoas das que se detectara que aportaran como xustificantes calquera tipo de documentación que non reflecta a súa situación en dito momento. Ademais o grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo quen tivera participado anteriormente nunha escola obradoiro ou nun obradoiro de emprego.

Para a fase de oposición:

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Na listaxe final publicitarase as/os traballadoras/es propostos para a contratación e suplentes que accederán as vacantes que poidan xurdir. A orde de colocación das/os aspirantes na lista definitiva de aprobadas/os establecerase de maior a menor puntuación.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta da selección e remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) comunicación do alumnado seleccionado (según anexo remitido na circular núm 53/2020 de "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego") e a oficina de emprego para verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto.

C I F: P-1503600 -G

ANEXO VII: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña.....co DI/NIE:....., estando interesado/a en participar no obradoiro de emprego INICIA V, dirixido a persoas xóvenes incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que non recibín previamente ningunha atención polo Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

E para que conste asino esta declaración,

En, dede 2020

O/A alumno/a

Sinatura

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.